

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 23 de agosto de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucía Molares Pérez
D. Antonio Coello Bufill
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde (incorpórase no punto 18)

NON ASISTEN:

D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e tres de dous mil catro e baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local acctal., D. Arsenio Díaz del Río Fery, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1071).- ACTA ANTERIOR. Apróbase, por unanimidade, as actas das sesións so 19 e 26 de xullo e 2 de agosto de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2.(1072)- PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA DO ANO 2004.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos, do 18.08.04, conformado pola directora de ingresos, pola interventora xeral e polo concelleiro delegado da área de Xestión municipal, que di o seguinte:

INFORME-PROPOSTA

Segundo a información facilitada pola Xerencia Territorial do Catastro e as operacións realizadas pola Admón de Tributos do Concello para ó cálculo da débeda tributaria, cun tipo impositivo aplicable do 0.72%, elaborouse o

Padrón Fiscal do Imposto sobre Bens Inmóbeis de Natureza Urbana do 2004, que consta de 183.050 inscricións cun total de 42.313.721,75 € das que unha vez deducidas 183.671,51 € correspondentes a 1.968 titulares descoñecidos e 956.113,03 € correspondentes a inscricións que foron motivo de anulación con posterioridade ó peche do padrón e que se xirarán por ingreso directo, e 1.074.988,21 € correspondentes a 1.206 inscricións de titularidade municipal que non foron contabilizadas por existir confusión entre o suxeito activo e o suxeito pasivo do imposto, elévase o contraído definitivo á cantidade de 40.098.949,00 € co seguinte

DETALLE:

Nº inscricións matrícula	183.050	V.Catastral	6.329.438.403,00 €
Nº inscricións exentos	- 2.987	V.Catastral	- 293.783.406,45 €
- Exención 100%	574		
- V.Catastral mínimo...	2.413		

TOTAL INSCRIPCIÓNS CON COTA	180.063	V.Catastral	6.035.654.996,55 €
-----------------------------------	---------	-------------------	--------------------

IMPORTE DA COTA 45.565.660,26 €

IMPORTE BONIFICACIÓNS - 3.251.938,51 €

TOTAL DÉBEDA TRIBUTARIA 42.313.721,75 €

A deducir importe de 1.206 inscricións
de "Titularidade Municipal" - 1.074.988,21 €

A deducir importe de 1.968 inscricións
de titulares "Descoñecidos" - 183.671,51 €

A deducir importe de inscricións
que "se xirarán por ingreso directo." - 956.113,03 €

IMPORTE TOTAL DÉBEDA TRIBUTARIA A CONTRAER 40.098.949,00 €

**IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA (IBI)
ESQUEMA COMPARATIVO DOS EXERCICIOS 2.003-2.004**

	2003	2004	VARIACION UNITARIA	VARIACION PORCENTUAL
Nº Total de inscricións	168.664	183.050	14.386	8,52%
Valor Catastral TOTAL	5.664.793.251,05	6.329.438.403,00	664.645.151,95	11,73% (*)

Nº inscricións exentas	2.803	2.987	184	3,54%
Valor Catastral exento	289.159.544,39	293.783.406,45	4.623.862,06	1,59%
Nº inscricións sin suxeito pasivo coñecido	1.351	1.968	617	45,66%
Valor catastral descoñecidos	13.284.699,30	25.532.236,88	12.247.537,58	92,19%
TOTAL DEBEDA TRIBUTARIA A CONTRAER	35.987.299,36	40.098.949,00	4.111.649,64	11,45%

(*) No incremento do Valor Catastral inciden 2 factores:

- Incremento do 2% fixado na Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2004
- Incremento do 9.73% relativo ó valor das 14.386 altas (unhas 2500 altas de novas construcións e unhas 11886 debidas a ponencia de valores parcial aprobada no ano 2003)

A vista do informe precedente *PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

1º- *APROBA-LO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE NATURALEZA URBANA DO ANO 2004 por importe de 40.098.949,00, segundo relación que comeza por COVELO MONTENEGRO CLOTILDE e remata por D. PERFECTO FERNANDEZ TIELAS. "*

2º- *Proceder á exposición pública_Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, poidéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o organo que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

3.(1073)- PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO ANO 2004.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Admón. de Tributos, do 18.08.04, conformado pola directora de ingresos, pola interventora xeral e polo concelleiro delegado da área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Segundo o censo de actividades empresariais, profesionais e artísticas elaborado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria remitido a este Concello, a Administración de Tributos municipal mediante aplicación da Instrucción do IAE (Real Decreto Lexislativo 1175/90), da Ordenanza fiscal do Concello, Arts. 79 a 92 da Lei 39/88

Reguladora das Facendas Locais reformada pola Lei 51/2002 de 27 de Decembro de 2002 e restantes normas de aplicación, elaborou o Padrón Fiscal do Imposto sobre Actividades Económicas para este exercicio de 2004.

O presente padrón fiscal conta con 4.887 inscricións, por un importe total que ascende a 10.383.482,41 euros sendo á cota municipal de 9.052.307,34 Euros. Ademais da cota municipal o Padrón inclúe un recargo provincial do 30%, establecido pola Excm. Deputación de Pontevedra que ascende a un total de 1.331.175,07 - Euros.

ESQUEMA COMPARATIVO DOS EXERCICIOS 2002-2004

Ano	Nº inscricións	%Δ	Cota municipal (en miles euros)	%Δ	Cota provincial (en miles euros)	%Δ
2002	22.458	2.25%	15.068	6.32%	2.059	1.98%
2003	3.173	-85.88%	7.570	-49.76%	840	-59.20
2004	4.887	54.01%	9.052	19.57	1.331	58.45%

A vista do informe precedente PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1º- APROBA-LO PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS do Municipio de Vigo para o ano 2004 por importe total 10.383.482,41 dos cales 9.052.307,34,- Euros corresponden a cota municipal e 1.331.175,07,- euros o Recargo provincial que contén 4.887 inscricións, comezando "REMAR GALICIA" (REHABILITACION MARGINAD epígrafe 6531. e rematando por ZURICH ESPAÑA COMPAÑIA DE SEGUROS Y REAS epígrafe 822".

2º- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, poidéndose interpoñer contra ditos actos recurso de reposición ante o organo que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

4.(1074)-SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 98/2004, INTERPOSTO POR D. JULIÁN SAMPEDRO SAMPEDRO, POR DENEGACIÓN MUNICIPAL DO USO DE INSTALACIÓNS ESCOLARES PÚBLICAS. DECLARA INADMISIBILIDADE DO RECURSO.

Dáse conta do auto de data 25.06.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo número un de Vigo no recurso de referencia interposto por D. Julián Sampedro Sampedro contra a negativa do

Director do Colexio Eduardo Pondal á utilización das dependencias de dito centro para a catequese parroquial. O auto falla o seguinte:

Acordo declara-la INADMISIBILIDADE do presente recurso contencioso-administrativo, por no existir actividade administrativa susceptible de impugnación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta o departamento de Educación do Concello.

5.(1075)-SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 120/2004, INTERPOSTO POR D. RICARDO VAZ VÁZQUEZ E OUTRO, POR RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. REMATADO O PROCESO.

Dáse conta do auto de data 30.6.04. dictada pola Sala do Juzgado contencioso-administrativo número un de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declarase rematado o presente procedemento interposto por RICARDO VAZ VAZQUEZ, CASIANO VAZ VAQUEIRO contra CONCELLO DE VIGO por existir satisfacción extraprosal. Archívese o actuado tomándose nota nos libros rexistro deste Juzgado, procédase á devolución do expediente administrativo da demanda.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta o departamento de Patrimonio.

6.(1076)-AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE VIGO, NO RCA NÚM. 165/2004, INTERPOSTO POR INTERPARKIN HISPANIA, S.L., OBXECTO EUI-1993, ACCESOS ESTACIONAMENTO SUBTERRÁNEO PRAZA DE PORTUGAL. DESISTIDO.

Dáse conta do auto de data 22.07.04, dictada pola Sala do Juzgado Contencioso- Administrativo número un de Vigo no recurso de referencia, interposto contra a taxa por entrada de carruaxes correspondente á entrada de vehículos a parking República Argentina 27, Bx. O auto falla o seguinte:

Ter a demandante DONA ROSA MIJANGOS FERNANDEZ en representación de INTERPARKING HISPANIA S.A. por DESISTIDO do presente recurso contencioso-administrativo, condenándolle o pago das costas causadas

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta a Administración de Tributos e o Servicio de Recursos e Asesoramento.

7.(1077)-SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 75/2004, INTERPOSTO POR D. IVÁN GARABATOS FREIRÍA, POR SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 20.07.04, dictada pola Sala do Juzgado Contencioso Administrativo número un de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por IVAN GARABATOS FREIRIA contra resolución dictada polo Concello de Vigo-Sector de Circulación, no Expediente nº 1030796225 que impuxo o recurrente ó recurrente unha sanción consistente en multa de 96,16 Euros, por infracción do artigo 39.8 do Regulamento de Circulación é o Artigo 29 da Ley de Seguridade Vial; resolución que confirmo , al entenderla axustada a dereito. Sen costas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta o Departamento de Seguridade, Tráfico e Transportes.

8.(1078)-SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 74/2004, INTERPOSTO POR D. RAFAEL GONZÁLEZ PÉREZ, POR SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 20.07.04, dictada pola Sala do Juzgado do Contencioso-Administrativo número un de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por RAFAEL GONZALEZ PEREZ contra resolución dictada polo Concello de Vigo- Sector de Circulación, no expediente nº 1030796224, que impuso ó recurrente unha sanción consistente en multa de 96,16 Euros, por infracción do artigo 39.8 di Regulamento de Circulación é o art. 29 da Ley de Seguridade Vial; resolución que confirmo,o entendela axustada a dereito. Sem costas.

A Xunta do Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta o departamento de Seguridade, Tráfico e Transportes.

9.(1079)-SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 50/2004, INTERPOSTO POR REMLE, S.A., LIQUIDACIÓN IAE ANO 2003. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 1.07.04, dictada pola Sala do Juzgado do Contencioso-Administrativo número un de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por REMLE S.A., contra Resolución da Concejala Delegada de Economía e Facenda do Concello de Vigo, do 5 de decembro de 2003, polo que se desestimou o recurso de reposición formulado contra á liquidación xirada polo Concello de Vigo en concepto do Imposto sobre Actividades Económicas, por importe de 2.395,70 euros, correspondente o exercicio do 2003, resolución que declarou axustada o Dereito. Sen costas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberán darse conta os departamentos de Admón de Tributos e Recursos e Asesoramento.

10.(1080)- SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DE VIGO NO RCA NÚM. 129/2002 E 130/2002, 55 E 64/2003 ACUMULADOS, INTERPOSTO POR SESVIGO, POR DESESTIMACIÓN RECURSOS DE REPOSICIÓN CONTRA LIQUIDACIÓNS DO IBI 1999 Ó 2000. DESESTIMA OS RECURSOS ACUMULADOS.

Dáse conta da sentenza de data 25.06.04. dicta pola Sala do Juzgado do Contencioso Adiministrativo número un de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto pola Sociedade Estatal de Estiba e Desestiba do Porto de Vigo contra resolucions do Concello de Vigo de 09.04.2002, 08.04.2002 e 05.02.2003, desestimatorias dos recursos de reposición formulados contra liquidacions do imposto sobre bens inmoables dos anos 1999, 2000, 2001 e 2002, correspondente o inmoable con reerencia catastral 3366202 NG 2736 N. Sen costas.

A Xunta do Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberán darse conta os departamentos de IBI da Administración de Tributos e o de Recursos e Asesoramento.

11.(1081)- SENTENZA DO XULGADO PRIMEIRA INSTANCIA NÚM. 8 DE VIGO NO XUÍZO ORDINARIO NÚM. 550/2003, INTERPOSTO POR D. SERGIO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, POR ACCIÓN DECLARATIVA DE DOMINIO. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 5.07.04 ,dictada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 8 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que estimando a demanda formulada en autos de xuízo ordinario nº 550/2003, polo Procurador Don Félix Hombría Gestoso, en nome e representación de Don SERGIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (quen actua en nome propio e en beneficio da comunidade de propietarios existente sobre a finca obxeto de litis), contra o Excmo. CONCELLO DE VIGO, debo declarar e declaro que á data de interposición da demanda, o terreno descrito no feito primeiro da demanda corresponde o actor en copropiedade cos demais titulares que figuran no Rexistro da propiedade segundo nota simple informativa obrante o documento nº 3

aportado coa demanda, así como a nulidade de calquer título que poidera ostentar a demanda en contradicción con dita titularidade, condenando á entidade demandada a estar e pasar por esta declaración e ordenando a cancelación das inscricións contradictorias do Rexistro da Propiedade que poideran existir a favor da mesmo. Todo iso con condena en costas da entidade demandada.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta o Departamento de Patrimonio.

12.(1082)- SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RCA NÚM. 03/7170/2003, INTERPOSTO POR D^a M^a DEL CARMEN TOLMOS NOVOA. POR LIQUIDACIÓN IVTMU, ACORDO DO 31.10.97. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 14.07.2004, dictada pola Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso- administrativo formulado por MARÍA DO CARMEN TOLMOS NOVOA contra Acordo do 31.10.97 que desestima recurso contra liquidación por imposto sobre incremento do valor dos terrenos, parcela 46, Proxecto de Copensación Polígono III; dictado por Concello de Vigo. Sen especial pronunciamento en costas procesales.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberán darse conta os departamentos de Admón. De Tributos (Plusvalía) e Recursos e Asesoramento.

13.(1083)- SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RCA NÚM. 02/4027/2001, INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO, CONTRA RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO 13.02.2001 DESESTIMATORIA DE REPOSICIÓN CONTRA ANTERIOR DO 05.05.2000 SOBRE COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 17.06.04, dictada pola Sala do Contencioso- Administrativo do TSXG no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos en parte o recurso contencioso- administrativo interposto polo Concello de Vigo contra a Resolución do 13.2.2001 da Diputación Provincial de Pontevedra pola que se desestimou o recurso de reposición que interpuso contra a Resolución de 5.5.2000 sobre compensación de saldos acreedores e debedores por importe de 22.647.890 pts., e anulamos dito acto, por ser contrario a dereito, en canto inclúe as partidas polo importe de 939.398 e 980.000 pts. indicadas no fundamento de dereito carto. No demais desestimamos o recurso. No se fai imposición de costas.

A Xunta do Goberno queda enterada do contido das sentenzas do que deberán darse conta a Intervención Xeral e o Servizo de Recursos e Asesoramento.

14.(1084)- SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RCA NÚM. 02/4358/2001, INTERPOSTO POR D^a OLGA COMESAÑA FERNÁNDEZ, POR DESESTIMACIÓN “PRESUNTA” DE RECLAMACIÓN. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 24.06.04, dictada Sala do Contenciosos. Administrativo do TSXG no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. OLGA COMESAÑA FERNANDEZ contra desestimación presunta do CONCELLO DE VIGO e do Organismo Autónomo INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO, da reclamación sobre responsabilidade patrimonial formulada en data 19.4.00, por caída sufrida el 24-9-99. Condenamos ao Concello e ao Instituto a que aboen á demandante 475.146 ptas, mais os xuros legais de dita cantidade desde a data da súa reclamación. Non se fai imposición de costas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberán darse conta o IMD e o departamento de Patrimonio

15.(1085)- SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RCA NÚM. 02/4092/2001, INTERPOSTO POR OBRASCON, HUARTE LAIN, S.A., POR DESESTIMACIÓN PRESUNTA DA RECLAMACIÓN DO 15.09.00 DE PAGAMENTO DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA “FOXO DE SEGURIDADE... DO AUDITORIO MUNICIPAL QUIÑONES DE LEÓN”. ESTIMADO EN PARTE.

Dáse conta da sentenza de data 17.06.04, dictada pola Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos en parte o recurso contencioso-administrativo interposto por “Obrascon, Huarte, Lain, S.A.” contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo da solicitude de pago do importe da certificación N^o 2 da obra “ Foso de seguridade entre graderíos e patios de sillas do auditorio municipal de Quiñones de León”, xuros de mora e dedevolución de fianzas, que declaramos no conforme a dereito, polo que condenamos a Administración a que proceda á devolución ou cancelación dos dous avais prestados e a pagar á recurrente a cantidade que se determine, como prezo da obra e xuros, de acordo co indicado no fundamento xurídico cuarto.No demais desestimamos o recurso. Non se fai imposición de costas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza.

16.(1086)- SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RCA NÚM. 02/4287/2001, INTERPOSTO POR D^a ETELVINA GARCÍA HERMIDA E MULTINACIONAL ASEGURADORA S.A., POR DESESTIMACIÓN “PRESUNTA” DE RECLAMACIÓN DO 02.05.00. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 24.06.04, dcitada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D^a Etelevina García Hermida e “Multinacional Aseguradora, S.A.” contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo da súa reclamación por responsabilidade patrimonial formulada en relación con os danos sufridos el 14-2-2000 polo vehículo matrícula PO-8780-AW na confluencia da Avenida de Castela coas rúas Quintela e Darío Durán, que declaramos non conforme a dereito, polo que condenamos á Administración a que abone ás recurrentes, respectivamente, as cantidades de 1.547,71 e 248,36 euros (257.518 e 41.324 pts.). Non se fai imposición de costas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta o departamento de Patrimonio.

17.(1087)- SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RCA NÚM. 02/5034/2000, INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE POMPAS FÚNEBRES DE PONTEVEDRA, POR “ACTOS” DO 28.08.00 (REPOSICIÓN) E 01.06.00 (BOP 21.06.00). DECLARA INADMISIBILIDADE DO RECURSO.

Dáse conta da sentenza de data 10.06.04, dictada pola Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos declarar e declaramos a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto por “ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE POMPAS FUNEBRES DE PONTEVEDRA” CONTRA RESOLUCIÓN do Concello de Vigo de 28.8.00, que desestima o recurso de reposición interposto contra o acordo o a nuncio de 1-6-00, sobre regulación da actividade funeraria para o término municipal de Vigo (BOP Pontevedra nº 118, de 21-6-00); sen costas

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta o departamento de Cemiterios e Servizos Funerarios.

18.(1088)- SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RCA NÚM. 02/5091/2000, INTERPOSTO POR D. CAMILO FERNÁNDEZ PARADA, CONTRA ACORDO DO PLENO DO 31.08.00, REQUIRIMENTO PARA A RECUPERACIÓN DE OFICIO DE BASES NO ESTADIO DE BALAÍDOS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 08.07.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso administrativo interposto por don CAMILO FERNANDEZ PARADA contra o acordo plenario do Concello de Vigo dde 31 de agosto de 2000 de requerimento ó recurrente para que desaloxara e pusiera a disposición de aqueles bares-cantinas do estadio municipal de Balaidos; sen costas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da senteza do que deberan darse conta os departamentos de Patrimonio (e Deportes-IMD).

19.(1089)- SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO RCA NÚM. 02/5189/2000, INTERPOSTO POR D. JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ DÍAZ, CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA POLO CONCELLO DE RECLAMACIÓN POR DAÑOS PATRIMONIAIS. ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 24.06.04, dictada pola Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos o recurso contencioso-administrativo iinterposto por D. JOSE ANTONIO FERNANDEZ DIAZ contra desestimación presunta do Concello de Vigo da reclamación formulada o 28.1.00 sobre responsabilidade patrimonial por danos causados en cuantía de 225.804 ptas, con os intereses legais desde a data da reclamación. Non se fai imposición de costas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta o departamento de Patrimonio.

20.(1090)- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONS DE INTERESE SOCIAL PARA O ANO 2004. EXP. 10961/3001.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección Planificación de Servizos Sociais, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a interventora xeral e xurídicamente por técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

Conceder subvencións ás asociacións de interese social que se relacionan de seguido, de conformidade coas bases da convocatoria de subvencións as asociacións de INTERESE SOCIAL para o ano 2004, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local da data 23.02.2004 polos conceptos e cantidades que se indican, con cargo a partida 4890000, asignación orzamentaria A 6436 polo importe de 66.000.- €.

Nª	Organización	Nif	Proposta	Concepto
1	BULÍMICOS Y ANORÉXICOS	G36835403	1300	mantemento
2	FUNDACIÓN MENELA	G36685964	1850	Actividades (campamento urban)
3	FUNDACIÓN MENIÑOS	G15551120	2000	Mantemento
4	FUNDACION SALVORA	G36733046	900	Actividades (vacacións cos tutelados)
5	IRMANDADE SANTA ANA	G36648095	1000	Actividades(festas dos vellos)
6	CENTRO DE INFORMACION DE TRABALLADORES EXTRANXEIROS (CITE)	G15374598	1000	Mantemento
7	SÍNDROME DE DOWN	G36697324	2200	Mantemento

21.(1091)- PROPOSTA DE CONCESIÓN OU DENEGACIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR PARA O CURSO 2004-2005. EXP. 10976/301.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os documentos acreditativos de existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta da traballadora social, do 6.08.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, o concelleiro-delegado de Facenda e xurídicamente por técnico da Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar as *Axudas Municipais Escolares de LIBROS* os solicitantes con fillos/as en educación infantil, educación primaria e educación secundaria que teñen unha puntuación de 13 puntos ou máis segundo o listado que se adxunta e que empeza con 28 puntos, Millos Fernández Mª Carmen, expte. 36057.11.030.232 e na columna de libros figura con importe e *estado aceptadas* e remata con Vidal Da Silva Paula Cristina, expte. 36057.41.018.929- 13 puntos (px. 65).

2º.- Denegar as *axudas de libros* ós solicitantes do listado adxunto dende 12 puntos ata o final, que empeza na páxina 65 con Ferreira Salgado Mª Purificación, expte. 36057.11.030.232, e na columna de libros *estado denegado*, e finaliza con Cristoff Mirta Noemí, expte. 36057.12.030.504 na páxina 118.

3º.- Non se concederán *axudas de libros* os nenos/as de 6º de primaria e 2º da ESO, aínda que conten coa puntuación suficiente, dado que estes cursos teñen os libros gratuítos según o DOGA 113, de 12 de xuño de 2003 e DOGA 111 de 10 de xuño de 2004.

4º.- As *axudas de comedor* concederánselle ós alumnos/as matriculados en centros que conten con este servizo dentro das propias instalacións.

5º.- Aprobar o importe que se aboará a cada neno/a coa *axuda de comedor* aceptada, cando o prezo deste sexa inferior a 39,00 €/mes que aboarase o estipulado no Consello escolar de cada centro ANEXO I.

6º.- A concesión das *axudas de comedor* será dende 1 de outubro de 2004 ata o 31 de maio de 2005.

7º.- Aprobar a concesión de das *axudas municipais de comedor* ós solicitantes con 12 ou máis puntos, según o listado adxunto que empeza con Millos Fernández M^o Carmen, expte. 36057.11.030.232 e na columna de comedor figura con importe e *estado aceptado* e finaliza (px 75) en Pérez Vargas M^a Pilar, expte. 36057.13.014.113.

8º.- Denegar as *axudas municipais de comedor* do listado adxunto que empeza por Millos Fernández M^a Carmen, e finaliza con Cristoff Marta Noemí, expte. 36057.12.030504 e na columna de comedor figura sin importe e *estado denegada*.

9º.- Aprobar o libramento a xustificar para AMES de Comedor por importe 95.193,00 €, con cargo RC 000654. A devandita cantidade librase a xustificar a M^a Jesús Sanromán Varela, NIF 36.018.668-R mediante ingreso na conta habilitada do Departamento nº 2080.0000.740040242619.

22.(1092)- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA MEIXOEIRO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZACIÓN DO IX TROFEO CICLISTA FESTAS DE VIGO. EXP. 4686/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.08.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar ao club ciclista Meixoeiro a celebrar a proba ciclista “IX Trofeo Ciclista Fiestas de Vigo”, o 28 de agosto de 2004 que esta previsto se celebre no barrio do Meixoeiro entre ás 17:30 h e ás 19:30 h. no circuíto seguinte: Avda. de Madrid (Vella), Camiño Tixolo e Camiño Meixoeiro.

23.(1093)- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA III VOLTA CICLISTA A GALICIA, ETAPA VIGO-VIGO. EXP. 4687/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.08.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a Federación Gallega de Ciclismo a celebrar, dentro da proba ciclista III Volta Ciclista a Galicia, a 3ª etapa Vigo-Vigo. Esta etapa se celebraría o día 3 de setembro de 2004 con saída e chegada dende a estrada do Pazo do Parque de Castrelos, a saída esta prevista ás 13:00 h. e a chegada ás 17:10 h. (aproximadamente).

Para o desenvolvemento desta etapa a organización da mesma solicita:

- Autorización para emprazar a saída e a chegada no Parque de Castrelos, para o que solicitan cortar o tráfico entre ás 9:00 h. e ás 13:30 e de 16:00 h a 18:00 h. Para a ubicación desta liña de saída e chegada utilizarán todo o tramo asfaltado e un tramo de terra situado na entrada a man esquerda.
- Instalación dunha toma de corrente.
- Apertura da cadea que cerra o acceso na parte superior do parque para entrada dos vehículos da caravana ciclista.

24.(1094)- SOLICITUDE DA FEDERACIÓN DE AAVV EDUARDO CHAO PARA A CELEBRACIÓN DA XII FESTA VECIÑAL NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 69882/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes do 4.08.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á FEDERACIÓN AA.VV. EDUARDO CHAO á ocupación do espazo público para a celebración dunha Festa Veciñal no Parque de Castrelos, no espazo comprendido entre a entrada do Auditorio e o río lagares incluído o palco exterior, o día 19 de setembro do ano en curso.

Os organizadores deberán adoptar as preceptivas medidas para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, solicitando no seu caso un reforzo de contenedores ó departamento de limpeza do Concello.

Así mesmo, axustaranse ás seguintes normas:

- ✓ Deberán incluír unha garantía por posibles danos ó patrimonio municipal por valor de 1200 €.

- ✓ Horario autorizado: de 10 a 21 horas.
- ✓ Non se superarán os límites de ruidos fixados na táboa 1.2 do anexo da Ordenanza Municipal de Ruidos e vibracións publicado no B.O.P. en data 16 de outubro de 2000.
- ✓ Deberase dar cumprimento ás normas de ocupación de espazos públicos, aprobadas en Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

25.(1095)- PROPOSTA DE PRÓRROGA A CAIXA GALICIA PARA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE NATUREZA FINANCEIRA Ó PERSOAL DO CONCELLO EN INSTALACIÓNS DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 293/241.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta do xefe do negociado de Contratación de data 04.08.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e máis polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a prórroga para o período comprendido entre o 01.09.2004 e o 31.08.2005 do contrato para a prestación de servicios de natureza financeira ó persoal do Concello de Vigo en instalacións da Casa do Concello adxudicado á entidade Caixa Galicia por acordo da Comisión de Goberno do 18.12.2000.

26.(1096)- CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO DO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS MAL ESTACIONADOS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 17023/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 5.08.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior e o concelleiro de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión celebrada o 27 de xulio de 1994, acordou, adxudicar a empresa Estacionamentos e Servicios a contratación do servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos mal estacionados na vía pública, por un importe de 175.818.952 pts./ano (1.056.693,18 euros) .

Segundo os pregos de cláusulas administrativas e Condicións técnicas que rexeron o concurso, o contrato tería a duración de cinco anos, contados a partir da data de notificación do acordo de adxudicación, prorrogables por periodos anuais sucesivos ata un máximo de outros cinco anos, salvo que medie denuncia expresa de calquera das partes contratantes cunha antelación mínima de cinco meses o vencemento do prazo contractual ou de calquera das súas prórrogas.

Segundo antecedentes que constan no expediente de contratación a notificación da adxudicación de dita contratación foi recibida o 16 de agosto de 1994, polo que a data de inicio do contrato computará a partir desa data, polo que o vencemento definitivo da contratación terá o seu vencemento o próximo 16 de agosto deste exercicio.

Por parte do Xefe do Servicio de Seguridade e Movilidade remite escrito a este servicio de Patrimonio e Contratación, nop que propón que se inicie un expediente de contratación por procedemento negociado e cas mesmas condición que rexeron na contratación que vence o vindeiro 16 de agosto do presente exercicio, propoñendo que o prazo ddo contrato sea ata que se produza a nova adxudicación do servicio, que na data actual está en fase de tramitación.

A xustificación dá contratación do servicio de retirada, depósito e custodia de vehículos mal estacionados na vía pública, por procedemento negociado, podería atoparse no artigo 159-b) do texto refundido da Lei de Contratos das administracións Públicas, dado que a tramitación do expediente que se está levando a cabo polo procedemento de concurso para dito servicio resulta imposible que se produza nas datas actuales, e por outra parte dada a complexidade do mesmo, e o corto periodo de tempo que se preve para este contrato por procedemento negociado, resultaría perxudicial para a prestación do mesmo a adxudicación deste a outra empresa que non fora a que actualmente está prestando o servicio: “Estacionamientos y Servicios, S.A.”.

Polo exposto, proponse a Xunta Local de Goberno, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar á empresa “Estacionamientos y Servicios, S.A.”, por procedemento negociado, o servicio de retirada depósito e custodia de vehículos mal estacionados na vía pública, rexendo as mesmas condicións perante o prazo contractual que no seu día rexeron a contratación actual, recollidas nos pregos de cláusulas Administrativas e Condición técnicas aprobados polo Pleno Municipal de data 10 de novembro de 1993 e que posteriormente foron modificadas en sesión plenaria de 14 de xaneiro de 1994, así como a aferta que no seu día presentou a empresa.

O prazo da presente contratación será ata o 31 de decembro de 2004 ou ata a data que se produza a adxudicación do concurso que está en tramitación para unha nova adxudicación do servicio.

O prezo de dita contratación, será o que actualmente ven facturando a empresa, que ascende a 1.420.135,82 euros/ano, e que non será obxecto de revisión perante o periodo contractual proposto.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

27.(1097)- EXPEDIENTE DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL A INSTANCIA DE D. JOSÉ CARLOS AMORIM PEREIRA. EXPTE. 16397/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do servizo de Patrimonio e Contratación do 14.06.04, en relación coas reclamacións de D. David Ricardo Araújo da Silva e D. José Carlos Amorim Pereira polos danos ocasionados nos seus vehículos como consecuencia da caída dunha pola dunha árbore cando se atopaba estacionado na Avda. de Samil, visto o dictame favorable do 28.07.04

do Consello Consultivo de Galicia e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 12.08.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a CESPAS, S.A., empresa concesionaria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161.c) da Lei 2/2000, de Contratos das Administracións Públicas, debendo a devandita empresa indemnizar ós reclamantes nas seguintes cantidades:

1º) Indemnizar a Don DAVID RICARDO ARAÚJO DA SILVA, polos danos sufridos no vehículo Fiat Punto, matrícula 25-22-FS, na contía 1.190 euros.

2º) Indemnizar a Don JOSÉ CARLOS AMORIM PEREIRA, polos danos sufridos no vehículo Opel Astra, matrícula 60-05-BX, na contía 1.454,96 euros.

Así mesmo, comunicar o acordo ao secretario do Consello Conxultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

28.(1098)- EXPEDIENTE DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL A INSTANCIA DE D. DAVID RICARDO ARAÚJO DA SILVA. EXPTE. 16398/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do servizo de Patrimonio e Contratación do 14.06.04, en relación coas reclamacións de D. David Ricardo Araújo da Silva e D. José Carlos Amorim Pereira polos danos ocasionados nos seus vehículos como consecuencia da caída dunha pola dunha árbore cando se atopaba estacionado na Avda. de Samil, visto o dictame favorable do 28.07.04 do Consello Consultivo de Galicia e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 12.08.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a CESPAS, S.A., empresa concesionaria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161.c) da Lei 2/2000, de Contratos das Administracións Públicas, debendo a devandita empresa indemnizar ós reclamantes nas seguintes cantidades:

1º) Indemnizar a Don DAVID RICARDO ARAÚJO DA SILVA, polos danos sufridos no vehículo Fiat Punto, matrícula 25-22-FS, na contía 1.190 euros.

2º) Indemnizar a Don JOSÉ CARLOS AMORIM PEREIRA, polos danos sufridos no vehículo Opel Astra, matrícula 60-05-BX, na contía 1.454,96 euros.

Así mesmo, comunicar o acordo ao secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

29.(1099)- EXPEDIENTE DE SOLICITUD DE DESAFECTACIÓN NA 1ª TRAVESÍA DO PADRE CELSO A INSTANCIA DE D. JOSÉ M. FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ. EXPTE. 16867/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 10.08.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- *L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).*
- *L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).*
- *L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracions Públicas (LPAAPP).*
- *L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracions Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).*
- *RD 24 xullo de 1889 do Codigo Civil (CC).*
- *L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)*
- *RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Reximen Local (TRRL)*
- *RD 2568/1986 dde 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Rexime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).*
- *RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).*

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- D. José M. Fernández Domínguez, mediante escrito con entrada no rexistro xeral do concello, solicita a modificación da inscrición no Inventario municipal de bens da primeira travesía do Padre Celso, ó considerar que se trata dun ben privado.

VIDAL CALVAR MONSERRAT	36088692	23797	220,00 €
VIDAL LORENZO LUCÍA	36155437	79122	335,00 €
VIDAL MACIAS RAMÓN	36108901	79108	335,00 €
VIDAL RIOS MANUEL	32623399	15622	335,00 €
VIDAL TRIGO ANTONIO	36026112	14261	335,00 €
VIEITEZ OITABÉN MARÍA JOSÉ	36084439	21479	284,00 €
VILA ABALDE ELISEO	36018471	77224	156,00 €
VILA ABALDE JORGE	35899931	12894	335,00 €
VILA CAMPOS PABLO	36119483	79121	247,00 €
VILA DAVILA JOSÉ CARLOS	36049990	22993	167,00 €
VILABOA PÉREZ FERNANDO	36019660	16231	335,00 €
VILLAMOR ÁLVAREZ REYES	36036280	15711	335,00 €
VILLAR COMESAÑA JOSÉ ANTONIO	36066904	21380	230,00 €
VILLAR COVELO ANTONIO	35969030	9030	287,00 €
VILLAR DAVILA BEGOÑA	36053172	15958	180,00 €
VILLAR DOMÍNGUEZ MANUEL	36010951	18483	45,00 €
VILLAR ESTÉVEZ RAIMUNDO	36012815	11682	335,00 €
VILLAR FERNÁNDEZ JOSÉ MANUEL	36097548	79106	243,00 €
VILLAR MIGUELEZ MANUEL	36085182	77027	150,00 €
VILLAR SALGUEIRO JAIME	36053456	21031	335,00 €
VILLAR SÁNCHEZ ENRIQUE	36055326	18307	335,00 €
VILLAVERDE VELEIRO JOSÉ B.	36033203	14700	335,00 €
VIVERO MIJARES ANTONIO	36088250	21054	335,00 €
ZARAGOZA BASTOS JUÁN ANTONIO	35997115	17704	335,00 €
TOTAL			134.467,00 €

APELIDOS E NOME	Nº DNI	Nº PERS.	€
ALBOR RODRÍGUEZ JAVIER	34905627	15036	293,00 €
ALEJOS ANTA JUÁN MANUEL	76987757	79366	214,00 €
ALONSO ÁLVAREZ AVELINO	34623375	16768	203,00 €
ALONSO LEIRÓS JOSÉ	36016575	15869	300,00 €
ALONSO PIÑEIRO BASILIO	35992973	10435	395,00 €
ÁLVAREZ MARTINEZ JOSE ADONIS	35228834	11564	395,00 €
ARANGO FERNÁNDEZ JOSÉ MARÍA	36085308	23277	350,00 €
ARANGO FERNÁNDEZ LUCIANO	36042754	17868	232,00 €

BARCIELA CEA JOSE	36031456	13818	268,00 €
BARREIRO AMOR PRUDENCIO	35789781	9432	395,00 €
BAYER FRANCISCO JOSÉ	36086971	78009	110,00 €
BEA PUENTES FRANCISCO JAVIER	36119786	79136	40,00 €
BEN COUTO JOSÉ	36023633	15059	36,00 €
CAMESELLE SUAREZ ISAAC F.	36025131	78145	238,00 €
CHENLO BARROS ALBERTO	9741910	76527	390,00 €
COMESAÑA CAMPOS JOSÉ ANTONIO	35984857	1937	395,00 €
COMESAÑA FERNÁNDEZ JUÁN JOSÉ	36059690	17383	395,00 €
DOMÍNGUEZ CASALES JOAQUÍN	36009113	11469	205,00 €
DOPAZO ASOREY ÁLVARO	35227248	22912	384,00 €
FERNANDEZ ALONSO JOSÉ ÁNGEL	36037789	12055	395,00 €
FERNANDEZ CAMPOS RAMON	34528518	13327	395,00 €
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ AMANTINO	35541630	11707	395,00 €
FERNÁNDEZ GONZÁLEZ ALFONSO	35983074	6238	350,00 €
FERNÁNDEZ GONZÁLEZ HERMINIO	35950090	11660	395,00 €
FERRO MANCHO ÁNGEL	36072730	79185	395,00 €
FIGUEROA COSTAS CARMEN	35949186	4914	395,00 €
FROJÁN VILLAVERDE JOSÉ	76486073	13907	70,00 €
GARCÍA ROMERO MARGARITA	35976780	7166	200,00 €
GARCÍA SOTO FRANCISCO JOSÉ	36029618	79367	282,00 €
GARRIDO FERNÁNDEZ PILAR	35930764	23202	313,00 €
GARRIDO MARCOS JESÚS M.	36036170	15527	395,00 €
HERMIDA SANMARTÍN JUÁN JOSÉ	35999710	13534	301,00 €
HERVADA VENTÍN ADRÉS	36016681	16225	395,00 €
IRIGARAY LOPEZ JOSE MANUEL	39813099	7189	248,00 €
LÓPEZ MOURE JESÚS	33205624	13304	395,00 €
LORENZO CARRERA GUILLERMO	36019910	79387	362,00 €
MARTÍNEZ GONZÁLEZ FERMÍN	35787457	11908	395,00 €
MARTÍNEZ PEREIRA JUÁN JOSÉ	36041374	15757	190,00 €
MOREIRA LEMOS ISABEL	35875036	9231	395,00 €
NIEVES OTERO MANUEL	34710010	10990	306,00 €
OGANDO LÓPEZ JOSÉ MANUEL	76699569	13913	395,00 €
PAJON SANTOS ALFONSO	36129786	77988	395,00 €
PEREIRA ALVAREZ JOSE	35552034	15361	171,00 €
PEREIRAS DIAZ RAFAELA	36014073	9283	395,00 €
PÉREZ CIMA JAIME	37630859	11373	395,00 €

PÉREZ DA SILVA EDUARDO A.	36029686	17800	155,00 €
PÉREZ FIGUEIRAS CARLOS	35981610	17294	144,00 €
PITAR PARRONDO AGUSTÍN	35936861	11446	395,00 €
QUIVÉN PUENTE VICTORIA	35259009	13356	395,00 €
RODRIGUEZ FERNÁNDEZ JOSÉ LUÍS	36000972	9700	258,00 €
RODRÍGUEZ REY ALBERTO	35991804	6190	192,00 €
ROMERO FALQUE XOSÉ LOIS	36029647	78928	50,00 €
ROMERO GIL DELGADO LORETO	36064307	78929	395,00 €
SANMARTIN GARCÍA MANUEL FRANCISCO	35972860	78739	395,00 €
SANTOS MANDADO RAMÓN	22867380	8929	109,00 €
TRONCOSO CAMPOS ADOLFO	35972005	11191	120,00 €
VALLEJO RINCÓN MANUEL	35764670	16159	395,00 €
VÁZQUEZ AREA MIGUEL	36010264	13630	282,00 €
VÁZQUEZ SERANTES ENRIQUE	35922600	10205	300,00 €
TOTAL			17.541,00 €

32.(1102)- SOLICITUDE DA COMISIÓN DO FONDO SOCIAL DE CONCESIÓN DE AXUDAS ESPECIAIS POR IMPORTE DE 2.378 EUROS. EXPTE. 15206/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o acordo da Comisión do Fondo de Acción Social do 17.06.04, o informe do técnico de Intervención Xeral, do 13.08.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Réxime Interior, do 9.08.04, a Xunta de Goberno, acorda:

Autoriza-lo aboamento das seguintes axudas especiais por importe total de 2.378,00 €. (DOUS MIL TRESCENTOS SETENTA E OITO EUROS), ós seguintes traballadores:

NOME E APELIDOS	Nº DNI	Nº PERSOAL	€
Cuartero Egido, M ^a Jesús	35.989.863	8131	252,00
Dios Alvares, José María	35.931.232	14137	660,00
Iglesias Costas, Francisco	36.028.697	16892	927,00
Lemos Martínez, Jesús	35.563.688	78758	429,00
Martínez Domínguez, Carmen	36.049.551	14841	110,00
SUMA TOTAL			2.378,00

33.(1103)- EXPEDIENTE DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE Ó MES DE XULLO DE 2004. EXPTE. 15200/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xetral do 11.08.04, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 6.08.04, conformado polo concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividades polos servizos prestados como palista no Parque Móbil corresponde aboar a D. Antonio Amoedo García, a cantidade de 32,80 €, correspondente ao mes de xullo de 2004 con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00- Gratificacións.

34.(1104)- EXPEDIENTE DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR UN VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL, CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE DE 2004, A FAVOR DE D. ALFONSO ALONSO RODRÍGUEZ, DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 15197/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 11.08.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Réxime Interior, do 5.08.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servizos prestados por D. Alfonso Alonso Rodríguez (nº persoal 13764) aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe total de 159 €, correspondentes ao segundo trimestre do ano 2004 e con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00- Gratificacións.

35.(1105)- EXPEDIENTE DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE XULLO DE 2004. EXPTE. 15199/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 11.08.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Réxime Interior, do 5.08.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade de servizos prestados polo persoal do Servizo Cemiterios, aboarase aos traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezas por D. Jesús Alfonso Sanmartín e remata por D. Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de xullo-2004, e que ascenden a un total de 820 € con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00.- Gratificacións.

36.(1106)- EXPEDIENTE DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE Ó MES DE XULLO DE 2004. EXPTE. 15207/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 11.08.04, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 6.08.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de productividade aboarase ao persoal adscrito ao Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por D. José Ramón Seijas Alvarez e rematan por D. José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de xullo-2004 e que ascenden a un total de 561,80 € con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00.- Gratificacións.

37.(1107)- EXPEDIENTE DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE XULLO DE 2004.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 11.08.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Réxime Interior, do 5.08.04, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obraigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse aos traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por D. José Luis Hermida Rodríguez e remata por D. G. Manuel Rosende Ríos, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ao mes de xullo-2004, e que ascenden a un total de 586,50 €, con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00. Gratificacións.

38.(1108)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN INTERINA DUN AXUDANTE DE OFICIOS CON POSTO DE VIXILANTE DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS. EXPTE. 6075/332.

Examinadas as actuacións do expediente visto o informe da xefa do Servizo de Educación do 3.06.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, o informe de Intervención Xeral do 19.08.04, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización do Servizo de Persoal, do 13.08.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á contratación interina dun axudante de oficios, con posto de Vixiante de Instalacións Municipais.

Segundo.- Contratar baixo a modalidade laboral de contrato de interinidade, con cargo a praza vacante de axudante de oficios, a D. MARCIAL FERNANDEZ FERNANDEZ, NIF 10.588.322-L, cuarto aspirante que obtivo a máxima puntuación nas probas selectivas para cobertura interina de prazas de axudantes de oficios con posto de vixiante de instalacións, de conformidade coas bases da convocatoria e o disposto na disposición transitoria do Decreto 116/93, de 3 de xuño, da Consellería de Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Ó interesado formalizáraselle contrato laboral-temporal de interinaxe, ó abeiro do disposto nos artigos 15.1 c) DA 14 do ET, RD 2546/94, RD 2720/98, RDL 11/98 e Lei 50/98 e, deberá subscribi-lo no prazo dun mes a contar dende o seguinte á notificación da presente resolución.

Cuarto.- A relación contractual de interinaxe extinguirase automaticamente no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba o interesado, previa resolución do procedemento público que a tales efectos se convoque.

39.(1109)- CONVALIDACIÓN DE FACTURA 04/018 DA ENTIDADE “FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLÉS Y ASOCIADOS, S.L.” POLA REDACCIÓN DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA URBANIZACIÓN DA SUPERFICIE DO APARCADOIRO DE URZÁIZ. EXPTE. 614/407.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 17.08.04, dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, do 12.08.04, conformado polo concelleiro de Urbanismo, que di o seguinte:

O Pleno de 15 de abril de 1999 aprobou a concesión de dominio público do aparcadoiro da rúa Urzaiz a favor da unión temporal de empresas integrada por “Tranvías Eléctricos de Vigo, SA” e “Eloymar, SA”. Producto deste acordo a concesionaria encargou a entidade “FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLÉS ASOCIADOS, SL” a redacción dun proxecto de obra que foi aprobado polo Pleno da Corporación.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, por acordo de data 4 de setembro de 2003, encargou ós técnicos deste Organismo Autónomo, en colaboración coa entidade concesionaria representada pola dirección de obra, un estudio para a mellora do proxecto de urbanización da superficie da rúa Urzaiz.

O 10 de decembro de 2003 o director dos servizos técnicos e o enxeñeiro de obras públicas informan e achegan un plano coas características xerais das melloras introducidas e a súa valoración. Neste informe aconséllase, por razóns técnicas, que a redacción desta modificación do proxecto a realicen os técnicos encargados da dirección da obra.

Na sesión de 11 de decembro de 2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo toma coñecemento do estudo realizado polos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en colaboración coa concesionaria do aparcadoiro de Urzaiz, relativa á millora do proxecto de urbanización da superficie desta rúa.

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 9 de febreiro de 2004, a proposta do Consello da Xerencia de Urbanismo, adopta o seguinte acordo:

- 1) “Autorizar a iniciación do expediente de modificación do contrato de concesión de dominio público do aparcadoiro da rúa Urzaiz, aprobado polo Pleno o 15 de abril de 1999, consistente na millora do proxecto de urbanización da superficie desta rúa.*
- 2) Encargar a redacción da modificación do proxecto de execución do aparcadoiro de Urzaiz ós técnicos redactores do proxecto orixinal e directores da obra.”*

Dada a relevancia da obra do aparcadoiro de Urzaiz, por afectar a unha das rúas principais desta cidade (arteria básica e fundamental do tráfico do centro), a tramitación de calquera modificación tivo que tramitarse coa maior urxencia posible, evitando demoras na execución da obra.

Esta premura e a descoordinación deste servizo co de Patrimonio e Contratación do Concello (que tramita o contrato principal) provocou que este “encargo” ós técnicos redactores do proxecto orixinal e directores de obra non se fixese seguindo as formalidades contractuales requeridas pola normativa vixente. En todo caso, a xuízo deste técnico, o resultado sería o mesmo, de terse tramitado un procedemento negociado sen publicidade nin concurrencia por motivos técnicos, seguindo o previsto polo artigo 210.1.b) do Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Este gasto realizouse existindo crédito a nivel de vinculación xurídica, tanto no programa presupostario “432.0” desta Xerencia de Urbanismo como no “511.0” de Vías e Obras do Concello. Todo elo sen prexuízo de que “a posteriori” se habilítase unha partida que englobase a modificación do contrato de concesión da obra, a redacción do proxecto e a dirección de obra.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local, a convalidación da factura nº 04/018, de data 15 de xuño de 2004, expedida por “FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLÉS Y ASDOS., SL”, por un importe de 57.000 EUROS, recoñecendo a obriga ó seu favor, con cargo a partida á partida orzamentaria 5110.6110062 (proxecto nº 04451162).

Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

Convalidar a factura nº 04/018, de data 15 de xuño de 2004, expedida por “FRAGA G. QUIJADA, PORTOLÉS Y ASDOS., SL”, por un importe de 57.000 EUROS, recoñecendo a obriga ó seu favor, con cargo a partida á partida orzamentaria 5110.6110062 (proxecto nº 04451162).

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

40.(1110)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE ILUMINACIÓN ARTÍSTICA EN EDIFICIOS E MONUMENTOS HISTÓRICOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1463/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións asinado pola coordinadora de Turismo e Comercio, do 19.07.04, conformado pola concelleira de Pomoción Económica e Desenvolvemento Local –Comercio e Turismo, e o prego de cláusulas administrativas asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación do 12.08.04, ambos para a contratación da subministración e instalación dun sistema de iluminación artística en edificios e monumentos históricos do Concello de Vigo, visto o conforme xurídico do técnico de Admón. Xeral e de acordo co informe proposta do devandito xefe de negociado, conformado pola concelleira de Turismo e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 186.487,75 euros para a subministración e instalación dun sistema de iluminación artística en edificios e monumentos históricos do concello de Vigo que se imputarán á partida a partida 751.0.623.00.000 do presuposto do ano 2004.

2º.- Aprobar o prego de condicións para a subministración e instalación dun sistema de iluminación artística en edificios e monumentos históricos do concello de Vigo.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

41.(1111)- AMPLIACIÓN DO CONTRATO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES. EXPTE. 2853/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro T. Agrícola, do 18.08.04, conformado polo concelleiro delegado de Montes, Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno acorda:

Ampliar o contrato de conservación e reposición de zonas verdes adxudicado á empresa Cespa S.A. á vista do informe técnico, do 9.06.04, que obra no expediente e de suplemento de crédito aprobado polo Pleno da Corporación na súa sesión realizada o día 26.07.04 (BOP 149 de 4 de agosto de 2004).

<u>Zonas</u>	<u>Canon Anual 2004</u>
Zona < 0,5 Ha	26.999,27 €
Zona < 1 Ha	20.221,82 €
Zona > 10 Ha	13143,53 €
Zona < 3 Ha	18132,53 €
Zona 3- 10 Ha	15169,52 €
Zona aparcamentos	3616,79 €

O importe anual incrementado ascende a 354.707,2 € o que equivale a 29.559 €/mes, de 1 de agosto ao 31 de decembro do 2004 o importe é de 147.795 € e se financiará coa partida suplementada 4326.2270900 pola modificación presupostaria nº 50/2004.

O presente acordo é un anticipado da modificación presupostaria nº 50/2004 que está en fase de publicación e este será efectivo unha vez que resulte firme o suplemento de crédito tramitado.

42.(1112)- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DA CONCELLERÍA DE TURISMO Á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E PROFESIONAIS DA VILA DE BOUZAS. EXPTE. 1484/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 12.08.04, conformado pola concelleira de Desenvolvemento Local e Emprego, Turismo e Comercio e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º Conceder unha subvención de 2.300€ (IVE incluído) á Asociación de Comerciantes e Profesionais da Vila de Bouzas, con CIF: G-36.767.150, para a organización da festa da Rincha de Bouzas, con cargo á partida 7510 4700201 "Subvención de Actividades", da Concellería de Turismo, do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

2º A Asociación de Comerciantes e Profesionais da Vila de Bouzas deberá incluír o logotipo da Concellería de Turismo en todo o material que se edite co gallo desta celebración.

3º A concesión da presente subvención non eximirá á devandita asociación de solicitar os correspondentes permisos para a celebración da actividade.

4º A Asociación de Comerciantes e Profesionais da Vila de Bouzas será a encargada da contratación con terceiros para a realización de todas as actividades programadas durante as festas, non existindo ningunha relación contractual nin de responsabilidade por parte do Concello polo mero feito de subvencionar a actividade.

5º En canto ó cobro da subvención, éste estará supeditado o cumprimento da obriga de aportar facturas orixinais polo importe da subvención concedida, tal e como se esixe na Base 38ª das de execución do Presuposto Municipal para o ano 2004. Asimesmo, as facturas que se presenten, xustificativas da subvención concedida, deberán reunir os requisitos previstos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o reglamento que regula a obriga de expedir facturas.

43.(1113)- BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVICIOS TURÍSTICOS. EXPTE. 1479/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.08.04 e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e comercio de 6.08.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º Aproba-las bases da convocatoria de catro bolsas de formación para a realización de prácticas nas oficinas e servizos turísticos da Concellería, que se desenvolverán dende o mes de outubro do 2004 ata o mes de maio do 2005, ámbolos dous inclusive.

2º Aproba-lo gasto de 24.000€ para a dotación económica das bolsas de formación, con cargo á partida orzamentaria 7510 48 10000, do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

3º Aproba-lo gasto de 180€ para cubrir as pólizas de seguro por risco profesional para cada un dos adxudicatarios/as das becas, con cargo á partida 7510 2240000 do presuposto actualmente en vigor.

4º Que se libre a xustificar a cantidade de 9.000€ -correspondentes ás tres mensualidades que quedan ata finais de ano (outubro-novembro e decembro), con cargo á partida 7510 48 10000, a favor de Dona YOLANDA AGUIAR CASTRO, con D.N.I.36.076.445-W, para proceder ó pagamento mensual das

becas ata finais de ano. Que se ingrese esta contía na conta habilitada do Departamento de Turismo número 2080 0000 78 0040246105.

BASES DE CONVOCATORIA DE 4 BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NAS OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVICIOS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA

PRIMEIRA. MODALIDADE

Convócanse 4 becas para a realización de prácticas de promoción e información turística nas oficinas e servicios que a Concellería de Turismo porá en funcionamento durante os meses de outubro de 2004 a maio do 2005, ámbolos dous incluídos.

As becas mencionadas constitúen unha xuda pecuniaria para a obtención da debida formación dos beneficiarios/as, polo que, en ningún caso, a súa percepción implica unha contraprestación dos traballos ou prácticas que eventualmente, e de conformidade con estas bases realicen, que son concebidos como accesorios ou complementarios á súa formación.

SEGUNDA.- DURACIÓN

A duración das bolsas será de 8 meses, dende o día 1 de outubro de 2004 ata o día 30 de maio de 2005, se ben os bolseiros deberán asistir a reunións preparatorias de traballo con antelación á data de comenzo da prestación das prácticas. As datas de prestación da bolsa arriba indicadas son orientativas, pero en todo caso o período de prestación será de 8 meses dende o comezo de prestación dos servicios.

TERCEIRA. DOTACIÓN

A dotación económica da bolsa de estudio para prácticas de información e promoción turística será de 6000 € polos oito meses de duración da mesma. O importe total das 4 bolsas, que ascende a 24.000€, aboarase con cargo á partida orzamentaria do presuposto en vigor do Departamento de Turismo número 7510 4810000, “Transferencias a Familias e Institucións”. Ademais, o Concello suscribirá un seguro individual de accidentes para cada unha das bolsas.

CUARTA.- REQUISITOS

Requisitos dos/as bolseiros/as.

1.- Poderán obter ás bolsa de prácticas nas oficinas e servicios de información turística os/as Técnicos Superiores en Información e Comercialización Turística, así como os/as Diplomados en Empresas e Actividades Turísticas, titulados nela con posterioridade ó 1 de Xaneiro de 2000.

Só poderán concurrir a esta Convocatoria os/as solicitantes que reúnan estas condicións e sempre que teñan nacido con posterioridade ó 31 de decembro de 1.977.

2.- A concesión das bolsas de estudos é incompatible con outras axudas simultáneas que conceda o Concello de similar contido e alcance.

QUINTA.- NATUREZA XURÍDICA DA RELACIÓN.

A condición de bolseiro/a en virtude desta convocatoria non xerará ningún tipo de relación de carácter laboral nin contractual co Concello de Vigo. Tampouco dará lugar á inclusión dos bolseiros/as no Réxime Xeral da Seguridade Social.

Os titulares da beca serán única e exclusivamente beneficiarios dunha subvención para a obtención da debida formación profesional, sen que exista relación de servizos profesionais co Concello de Vigo e sen que implique a devandita axuda económica unha contraprestación dos traballos que eventualmente realicen. É dicir, trátase dunha disposición gratuita de fondos públicos, en forma de axuda económica, para fomentar unha actividade de utilidade pública como é a mellora da formación dun sector de marcada importancia na economía local.

SEXTA.- CONTIDO DOS TRABALLOS A DESENVOLVER

1.- O contido das tarefas que realizarán os/as bolseiros/as consistirá:

- ❖ Promoción e apoio á comercialización de produtos turísticos da Concellería.
- ❖ Información ó turista sobre os recursos turísticos da cidade: monumentos, actividades de recreo, náuticas, de ocio, museos, praias, hoteis, transportes, rutas, gastronomía, espectáculos, ferias, festas, romarías, exposicións e servizos en xeral, así como calquera outra manifestación que pola súa natureza ofrezca atractivo turístico para o visitante.
- ❖ Facilitar información da cidade naqueles servizos de atención ó turista, que a Concellería porá en funcionamento para o período sinalado: atención a cruceiristas, bus turístico, rutas, etc.
- ❖ Elaboración das estatísticas das oficinas, con perfil do visitante e información demandada, tipo de aloxamento, medio de transporte, motivación da viaxe.
- ❖ Actualización do inventario de recursos turísticos.
- ❖ Apoio á realización de estudos e informes de produtos e mercados turísticos emisores e/ou emerxentes.

2.- Os beneficiarios/as das bolsas comprométese a realización das devanditas tarefas con plena disponibilidad, de acordo coas indicacións e horarios que lles sinale a Coordinadora do Departamento de Turismo e Comercio, cun límite de 40 horas semanais. Todos os horarios estarán suxeitos a cambios se as circunstancias o esixen, sen pasar nunca deste límite de horas semanais.

Os/as adxudicatarios/as das bolsas comprométese, asimismo, a entregar unha memoria dos traballos realizados ó finalizar o período da bolsa, así como os datos estatísticos recollidos diariamente durante o desenvolvemento do seu traballo.

3.- Ós bolseiros/as que o soliciten entregaráselles un certificado conforme realizaron as prácticas de referencia.

4.- Turismo de Vigo adxudicará os destinos, reservándose a facultade de adscribir ós becarios ó servizo ou oficina que se considere máis idóneo e podendo incluso determinar a rotación por distintos servizos ó longo do período de disfrute da beca.

O labor do becario/a será incompatible con calquera outra actividade non recollida no plan de traballo, que lle será entregado pola Concellería.

5.- Os beneficiarios/as das bolsas comprométese a entregar unha memoria dos traballos realizados ao finalizar o período da bolsa, así como os datos estatísticos recollidos diariamente durante o desenvolvemento do traballo.

6.- Os traballos que os becarios/as puideran realizar durante o disfrute da bolsa de prácticas, así como a memoria final serán propiedade do Concello de Vigo, que se reserva o dereito da súa publicación e utilización.

SÉTIMA: SOLICITUDES E DOCUMENTACION

1.- As solicitudes serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello, dentro dos dez días hábiles seguintes á publicación da convocatoria na prensa local. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro Xeral, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2.- Os/as interesados/as deberán presentar a seguinte documentación por orde:

- a) Impreso de solicitude
- b) Fotocopia cotexada, por ámbalas caras do DNI.
- c) Currículo vitae e fotografía
- d) Declaración xurada das axudas de bolsas solicitadas ou concedidas polas administracións públicas, para o mesmo período.
- e) Fotocopia compulsada do título ou do recibo do depósito do título.
- f) Certificación académica completa ou fotocopia cotexada dela (nota global de cada curso)
- g) Certificación acreditativa de ter superada a proba de grao (reválida).
- h) Certificación ou fotocopia compulsada das notas en idiomas obtidas en cada curso realizado en centros nacionais ou extanxeiros recoñecidos, así como certificación do título correspondente no caso de que se teñan finalizado os devanditos estudos . No caso da acreditación de idiomas non se admitirá como documento acreditativo a autoliquidación de taxas para a expedición do correspondente título.
- i) Todos os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros españois non públicos deberán estar debidamente homologados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deportes.
- j) Certificación ou fotocopia compulsada da realización de prácticas ou contrato que acredite experiencia en labores de información turística.
- k) Certificación ou fotocopias compulsadas da realización de prácticas ou contrato de traballo que acredite experiencia laboral en axencias de viaxes, hoteis, congresos e feiras, campings, museos, institucións ou organismos vencellados ó turismo, ou calquera outra actividade relacionada co turismo ou a xestión de recursos turísticos. Se o certificado leva o número de horas especificado polo reverso, a fotocopia debe estar correctamente cotexada por ámbalas dúas caras.
- l) Fotocopia compulsada de diplomas acreditativos de asistencia a cursos especializados en turismo, xestión de ocio e tempo libre ou de contido similar, sempre vecellados á actividade turística.
- m) Fotocopia compulsada de cursos de informática, especificando o número de horas e contido do curso en cuestión. Non se valorarán os inferiores a 40 horas.

3.- A solicitude da bolsa implica o coñecemento e aceptación de tódolos termos contidos nestas bases de convocatoria.

OITAVA:

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Para a valoración das solicitudes das bolsas presentadas para prácticas nas oficinas de información e promoción, así como servicios turísticos, terase en conta o seguinte baremo.

- a) Valorarase a nota media obtida ó longo dos estudos do seguinte xeito: sobresainte 1 punto; notable 0.5 puntos.
- b) Cursos de formación: 0.50 puntos por cada curso de turismo complementarios (Monitor de ocio e tempo libre, Xornadas técnicas sobre turismo, Master de Turismo ...), ata un máximo de 2 puntos. Non se valorarán os curso inferiores a 20 horas. Non se valorarán os cursos que non acrediten expresamente o número de horas realizadas, aínda que sexan títulos oficiais expedidos por organismos públicos. Asemade, deberase especificar os contidos de cada curso.
- c) 0.25 puntos por curso de iniciación de galego ou 0.5 puntos polo de perfeccionamento ou título homologado.
- d) 0.50 puntos por cursos de idiomas superados na Escola Oficial de Idiomas ata un máximo de 2'5 puntos por idioma. Todolos cursos que non sexan expedidos pola Escola Oficial de Idiomas valoraranse con 0.30 puntos por idioma e deberán ser sempre superiores a 70 horas, ata un máximo de 2 puntos. Non se valorarán estes cursos se non acreditan o número de horas. Para a acreditación destes méritos deberá aportarse certificación académica ou copia compulsada das notas ou calificacións obtidas. Non se valorarán aqueles cursos de idiomas que non se acrediten deste modo e non se terán en conta como acreditación os documentos de autoliquidación de taxas para a obtención do título correspondente.
- e) 0.40 puntos por cada mes de prácticas de información turística, ata un máximo de 3 puntos. O contrato ou certificado de prácticas deberá especificar, necesariamente, o número de horas traballadas ó mes. Non se valorarán os contratos ou certificacións inferiores a un mes. A puntuación por este concepto valorarase en función do número de horas traballadas ó cabo do mes, de forma proporcional, considerando o mínimo de xornada mensual a de 80 horas/mes. Concederáselle 0.40 puntos por cada mes traballado a xornada completa, as xornadas inferiores a esta se valorarán proporcionalmente con aquela.
- f) 0.15 puntos por cada curso de informática en centros recoñecidos (non se valorarán os inferiores a 40 horas) ata un máximo de 1 puntos. Non se terán en conta os cursos de mecanografía nin os que non especifiquen o número de horas.

No caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación no concurso, a selección realizarase tras unha entrevista persoal cos/as candidatos/as. A entrevista persoal poderá incluír proba de coñecemento de idiomas, escrita ou oral.

Asemade, no caso de que dous ou máis aspirantes acaden a mesma puntuación, terá prioridade aquel/aquela que non teña realizado prácticas con anterioridade na Concellería.

No caso de que, unha vez adxudicada as bolsas de estudos, xurdisen renuncias, adxudicaráselle automaticamente a axuda ó seguinte aspirante en puntuación, procedéndose do mesmo xeito en renuncias sucesivas.

NOVENA:

RESOLUCIÓN

3. *Non realizar as actividades previstas cun nivel de adicación satisfactorio.*
4. *Non presentar a memoria acreditativa do traballo realizado.*
5. *Fallas de puntualidade ou de asistencia non xustificadas ou reiteradas.*
6. *Falsedade nos datos aportados co curriculum.*

CONTROL DE CUMPRIMENTO DO OBXECTO.

O control de cumprimento do obxecto, condicións e finalidade das becas concedidas efecturasase de conformidade co disposto na lexislación vixente en materia de subvencións. As becas estarán suxeitas ó réxime de infraccións e sancións que, en materia de subvencións, establece a normativa en vigor.

DÉCIMO TERCEIRA:

PUBLICIDADE

As presentes bases reguladoras de convocatoria de subvencións para a realización de prácticas nas oficinas de información e servizos turísticos serán publicadas na prensa local e, dado que a contía, individualizada por beneficiario/a é inferior a 3.000€, a resolución de adxudicación das axudas será publicada no taboleiro de Edictos do Concello, tal e como esixe a lexislación vixente.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1. A Lei 38/2003, de 19 de febreiro, Xeral de Subvencións, prevé no apartado 2 da Disposición Transitoria Segunda, que os procedementos que se tramiten durante o período que media entre a entrada en vigor da citada norma e o 19 de febreiro de 2005, se lles poderá aplicar a normativa vixente sobre subvencións de cada administración.

Por tanto, en todo o non recollido nestas bases lle será de aplicación o disposto na Base 38ª das de Execución do Presuposto e do Regulamento de Subvencións, aprobado por acordos plenarios de 30 de novembro de 1988 e 30 de marzo de 1989.

2.- Facúltase á Concellería de Turismo e Comercio para interpreta-las base desta convocatoria e resolver calquera incidencia que se poida producir ó longo de todo o proceso de convocatoria, resolución e desenvolvemento das bolsas de referencia.

44.(1114)- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

**A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,**

Lucía Molaes Pérez